



Código do documento	Código do expediente
UPO17I0094	UPO/2022/58
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6H2C 3B6C 2B63 1Q29 0427	

ARF

Anuncio:

Sesión do tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de enxeñeira/o industrial de administración especial, subescala técnica, persoal funcionario de carreira, celebrada o día 13 de febreiro de 2023.

“O mencionado primeiro exercicio deberá ser lído obrigatoriamente polo aspirante en sesión pública ante o Tribunal. Neste exercicio, valorarase a capacidade e formación xeral, a claridade de ideas, a precisión e rigor na exposición e a calidade da expresión escrita.

A capacidade e formación xeral suporá un 35 por cento da puntuación total do exercicio, a claridade de ideas un 35 por cento, a precisión e rigor na exposición un 20 por cento, e a calidade da expresión escrita un 10 por cento.

Así mesmo, o Tribunal por unanimidade dos seus membros, e respecto ao segundo exercicio determina que valorarase a formación xeral, os coñecementos específicos sobre a materia, a claridade e a orde das ideas, a facilidade da exposición escrita, a achega persoal do/a aspirante e a súa capacidade de síntese.

A viabilidade técnica, económica e normativa da solución proposta, suporá un 60 por cento da puntuación total do exercicio, a claridade, capacidade de síntese e precisión na exposición da solución un 25 por cento e a achega persoal un 15 por cento.

Os mencionados criterios expondranse aos aspirantes antes da realización dos exercicios.

A continuación a sra. Presidenta convoca a todos/as os membros do tribunal cualificador para a preparación do primeiro exercicio ás 11 horas do día de realización do primeiro exercicio (día 17 de febreiro), no salón de plenos do Concello, que ten previsto o seu inicio ás 12 horas do mesmo día.”

Culleredo, a data da sinatura dixital

VILLÁN FUERTES, JOSÉ
Secretario xeral
15/02/2023 14:16

C.I.F. P-1503100-H